

Para bailar a vida

Narrativa A escrita ‘navaliana’ axunta vellas teimas en dez historias cunha forte carga autobiográfica



Recreación do zapato de Charlot . // Elina Moriya

Que a vida é un tango e ten as súas reviravoltas. Que hai que apertar os dentes cando veñen viradas e estender os brazos para deixarse levar se por ventura o vento sopra a favor. Que na danza, mentres hai música, todo é posible. E, sobre todo, que sempre e máis despois cómpre seguir bailando é algo que parecen ter moi claro os seres que poboan a imaxinación do ourensán Francisco X. Fernández Naval, eses cos que volve sorprendernos gratamente ao facelos protagonistas do seu último libro de relatos, *Para seguir bailando*.

As dez historias reunidas neste volume, todas elas ben diversas, coinciden porén en dous trazos que as singularizan. Por unha banda, estes contos amosan unha forte presenza do autobiográfico, moi evidente en textos como o relato-carta que dá título ao libro, que é tamén aquel co que se pecha. Doutra parte, teñen todas unha conexión directa con outras pezas narrativas do autor, ata tal punto que para a súa

máis fonda comprensión acaba por facerse imprescindible contemplalas á luz desoutras páxinas. O forte vínculo que comparten “Noite de pallabarro” e *O bosque das antas* (Xerais, 1988) na descrición das terribles vivencias dos represaliados da nosa Guerra Civil; o relato trágico do abandono do rural de “Contemporáneos I”, xa presente en *Sombras no labirinto* (Sotelo Blanco, 1997); a crítica feroz á corrupción política e administrativa de “Ovos de serpe”, que o de Ourense narrara tamén en *Tempo de crepúsculo* (Xerais, 1993); a vida guerrilleira e contra-sistema do conto “O escriba e o comandante”, cerna de *Sombras no labirinto*; ou a complexa rede de sentimentos e relacións persoais que tecen “A vida secreta de L.”, “Contemporáneos” e mais “Margot, a noite e un adeus” e, antes aínda, a novela *Unha cita co aire* (Galaxia, 2005) fan deste conxunto de historias unha sorte de repertorio autorial no que descubrir algúns dos principais sinais de identidade dunha escrita singular e

de indubidable mestría como a cultivada por Fernández Naval.

E se ben todas e cada unha destas narracións achegan instantes de fulgor, non poden menos que recomendar, particularmente, a lectura demorada do tremor da memoria agochado tras de “Noite de pallabarro”, a harmonía vital e radicalmente telúrica que “Contemporáneos I” achega e, antes nada, a reveladora, desafiante e subversiva contemplación das miserias e amoralidades infindas nas que viven instalados os mundos da política e a burocracia e que tan maxistralmente transparentan as páxinas de “Ovos de serpe”, ao meu entender o mellor dos contos do libro e un relato verdadeiramente antolóxico que por si só xustificaría a publicación dunha obra como a presente.

Para seguir bailando, que leva na cuberta unha suxestiva e simbólica instantánea da fotógrafa Mariabel Longueira, é un compendio das obsesións que alimentan o monstro voraz da escrita navaliana: a recuperación da(s) memoria(s), a infancia e adolescencia como tempos de lembranza elefíaca, a desolación polos eidos baleiros, o noxo ante as inxustizas e corruptelas, a liberdade da muller para decidir sobre a súa vida e o seu corpo, a sen razón da violencia, o subrepticio convivir coas nosas sombras e fantasmas e mais o azar e os caprichosos límites entre o fantástico e o real.

Porque nada máis necesario nestes tempos de crise que recordar que, malia todo, sempre atoparemos nos bos libros razóns sobradas *para seguir bailando*. // **Armando Requeixo**

Para seguir bailando.

Francisco X.

Fernández Naval.

Xerais, 2009.

152 pág. • 15,80 euros

